

BASES XERAIS

CURSO DE “INGLÉS MEDIO”

1. INFORMACIÓN XERAL

O curso de “*Inglés Medio*” terá unha duración de 42 horas.

Datas da formación: 10, 11, 12, 13, 14, 18, 19, 20, 21, 24, 26, 27, 28 e 31 xullo.

Horario: de 10:30 a 13:30 h

Lugar: Aula I - Centro Sociocultural - Auditorio de Rianxo

Cota de inscrición: 30 euros

Número máximo de prazas: 15. Número mínimo de prazas: 10

2. PERSOAS DESTINATARIAS

Persoas maiores de 16 anos, interesadas en mellorar as competencias lingüísticas en inglés.

Darase preferencia ás persoas que estean empadroadas no Concello de Rianxo.

3. INSCRICIÓN

As persoas que desexen participar neste curso realizarán a inscrición en liña en www.concelloderianxo.gal. Poderase realizar de xeito presencial no Servizo de Xuventude, sito no Auditorio de Rianxo.

O prazo para presentar as solicitudes será **dende o 22 de xuño ás 12:00 ata o 29 de xuño ás 24:00 horas.**



4. SELECCIÓN

Realizarase un test de nivel entre todas as persoas inscritas, o venres 30 de xuño, ás 12:00, no Centro Sociocultural – Auditorio de Rianxo.

Entre as participantes que teñan o nivel requirido para o curso, a selección sería:

1º. Por orde de inscrición entre as que estean empadroadas en Rianxo, maiores de 16 anos.

2º. Por orde de inscrición, maiores de 16 anos.

5. LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS

A listaxe definitiva de admitidas publicarase entre os días 3 e 4 de xullo na páxina web do Concello de Rianxo www.concelloderianxo.gal e serán avisadas mediante chamada telefónica ou correo electrónico.

As admitidas terán un prazo de 2 días para facer o aboamento da cota de inscrición (30 euros), presentando o xustificante bancario no Servizo de Xuventude. De non recibirse o xustificante no segundo día, chamarase á seguinte persoa da listaxe, que terá un prazo de 2 días para facer o pagamento.

Tanto no caso de non comezar o curso, e non comunicalo por escrito previamente, como desistir da súa participación, non se devolverá a cota de inscrición.

6. RÉXIME DE ASISTENCIA E DIPLOMAS

A expedición do diploma supeditase á acreditación dunha presenza mínima do 80% das horas, aínda cando as causas estiveran xustificadas.

Os diplomas entregaranse ao rematar o curso ou serán enviados por correo postal.